

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OSAKIDETZA-SERVICIO VASCO DE SALUD Y SERVICIO GALLEGO DE SALUD-SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, PARA LA DISTRIBUCIÓN DE MASCARILLAS SANITARIAS.**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde e Osakidetza-Servicio vasco de salud, asinaron o 12/3/20 un convenio de colaboración cuxo obxectivo é posibilitar o acceso do SERGAS ao stock de mascarillas sanitarias existente en Osakidetza, que se xera co cumprimento do contrato administrativo subscrito entre Osakidetza e a empresa “Nueva SIBOL SLU”, subministradora de dito produto sanitario.

Osakidetza cederá ao SERGAS 70.000 mascarillas do modelo 990p3D entre os meses de marzo e xuño de 2020, a prezo de custo.

De acordo co artigo 6 da Ley 9/2017, de 8 novembro, de contratos do Sector Público, determina que quedan excluídos do seu ámbito de aplicación os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados na mesma lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre a Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.

As entidades asinantes non teñen vocación de mercado, o convenio establece unha cooperación entre as entidades participantes coa finalidade de garantir os servizos públicos que lles incumben, e o desenvolvemento da cooperación guíase unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Ademais, o convenio subscríbese para, nunha situación de emerxencia, asegurar o acceso do Sergas a material imprescindible para a atención sanitaria.

Os intereses converxentes das partes asinantes non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio indicado no encabezamento, con exclusión doutras figuras.

O xerente do Servizo Galego de Saúde

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo